



RIBADEO CO CAMIÑO


O pasado mércores 27 de marzo asistimos a unha charla na biblioteca que levaba por título “Ribadeo co Camiño” dentro da actividade co mesmo nome que organiza o Concello de Ribadeo e que pretendía ser unha actividade previa á saída que se realizou o luns 1 de abril na que percorremos os diferentes lugares polos que pasa o Camiño de Santiago na nosa vila.

Nesta charla, os monitores do Concello nos achegaron información sobre a historia da peregrinación a Santiago de Compostela e comprobamos o que xa coñecíamos do Camiño.





Ademais de informarnos dos aspectos históricos da peregrinación a Santiago (peregrinos, credencial, a orixe do nome de Compostela-Campo de estrelas, o Pórtico da Gloria, a capela construída polo rei Alfonso II de Asturias...), os monitores tamén nos deron a coñecer as 8 rutas coñecidas do Camiño afondando na que pasa por Ribadeo, o Camiño Norte.



Coñecemos tamén a historia da Capela das Virtudes e a indumentaria do peregrino xa que os monitores chegaron ao centro as prendas necesarias para visualizalas in situ, ademais de falar de como é a xornada dun peregrino (horarios e distancias recorridas nos distintos medios de locomoción).



Por último, faláronnos da chegada á Catedral de Santiago e do documento coñecido como “A Compostela” que se entrega a toda aquela persoa que fixese o camiño por motivos relixiosos ou espirituais. Tamén nos falaron do famoso botafumeiro e das sensacións de ledicia, satisfacción e superación que se experimentan ao superar o grande reto que supón realizar o Camiño de Santiago.

